



Clúster Turismo
de Galicia

A voz do turismo

www.clusterturismogalicia.com

CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA

PREVISIÓNS DE IMPACTO DO COVID-19 NO SECTOR TURÍSTICO GALEGO

Introdución: Situación de partida

O turismo é un **sector estratéxico** para Galicia. Sen dúbida, o feito de que supoña o **10,4% do total do Produto Interior Bruto** autonómico e o 11% do emprego xerado en Galicia (con **123.772 persoas empregadas no sector en 2019**, segundo datos da Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia) referendan esta afirmación.

Os principais indicadores da demanda turística reflicten **cifras récord en 2019**: máis de 5,1 millóns de turistas que acumularon case 11 millóns de noites nos nosos establecementos. Datos como a ocupación, a estadía media ou a rendibilidade amosaron unha **mellor evolución que o promedio nacional**. Así mesmo, a proximidade do **Xacobeo 2021** (o primeiro en máis dunha década) insuflaba de optimismo ao sector, con **expectativas ambiciosas** para 2020 e 2021.

Así, no contexto actual (14 de abril de 2020), tras varias semanas de crise sanitaria e coa economía hibernando, é preciso **revisar estas previsións para un dos sectores que máis vai sufrir nos vindeiros meses**, cunha fortísima contracción da demanda que se une ás restriccións da propia oferta.



Introdución: Metodoloxía

O obxectivo do presente documento é anticipar e prever o comportamento do sector turístico galego nos vindeiros meses, en base a **estimacións e proxecións** baseadas en escenarios plantexados en diversos estudos e informes que saíron á luz pública nas últimas datas.

Entre as **fontes** consultadas, atópanse documentos e previsións de entidades como a Organización Mundial do Turismo (OMT), o Fondo Monetario Internacional (FMI), o Foro Económico de Galicia, a Mesa do Turismo, Exceltur, Bain & Company e EY, Deloitte ou McKinsey & Company.

As estimacións reflectidas neste informe toman como punto de partida premisas e hipóteses comúns atopadas nestas fontes, se ben o **contexto cambiante e de incerteza** no que nos atopamos obriga a interpretar estes datos con cautela e tomar conciencia de que a evolución pode ser incluso máis pesimista no caso de que a libre circulación de persoas se dilate tras o fin do confinamento.



Situación actual (oferta)

-  Cambios **legais e normativos** derivados da situación de excepcionalidade están xerando grandes dúbidas nas empresas
-  **Peché obrigado**, debido ao confinamento decretado (cero ingresos)
-  Urxe **liquidez** (liñas de axuda e avais, financiamento de circulante)
-  Procesos de **regulación de emprego** (ERTE, ERE)
-  **Renegociación de contratos** con provedores
-  **Caídas en facturación e rendibilidade**
-  Predominio das **pemes e micropemes**. Marxes de beneficio baixas
-  Posibles **restriccións de aforo** nos establecementos, a curto e medio prazo
-  **Subsectores especialmente vulnerables** (exemplos: MICE, guías, albergues)
-  Achégase un momento de **reinención da oferta e reorientación de modelos de negocio**

Situación actual (demanda)

-  Limitacións legais á libre circulación implican unha **caída abrupta da demanda**
-  Dependencia a curto prazo da **turismo de proximidade** (Galicia e CC.AA. anexas)
-  **Crise de confianza**, medo a viaxar
-  Especial impacto no **turismo internacional**:
 - > Peche de fronteiras
 - > Inexistencia de vóos internacionais
-  **Perda de poder adquisitivo** do consumidor (redución do gasto dedicado a turismo)
-  O sector turístico está moi **exposto aos ciclos económicos**: a maior renda dispoñible, maior consumo en turismo
-  **Descenso dos prezos**
-  Aveníñanse **novos hábitos de consumo**

Escenarios posibles

Nas últimas datas son moitos e variados os **escenarios** que se teñen debuxado para o sector a curto, medio e longo prazo. Existe consenso en que o turismo internacional se vai resentir especialmente, pero en boa parte do sector aínda persiste a esperanza de salvar o verán grazas ao turismo interno (galegos e galegas) e nacional. Xurden moitas preguntas

- ❓ Cal será o **impacto** na economía galega?
- ❓ Podemos **cuantificar** as caída en demanda e facturación?
- ❓ Cantas empresas **cesarán** a súa actividade?
- ❓ Cantos postos de traballo ser **perderán**?
- ❓ Como afectará a crise á celebración do **Xacobeo**?
- ❓ Que ocorrerá se hai **rebrotos** do virus?

Escenarios posibles



O **Fondo Monetario Internacional (FMI)** vén de actualizar as súas previsións para España. Se ben, este mesmo organismo vaticinaba que en 2020 a economía española medraría un 1,6%, agora estima unha **caída do 8% do Produto Interior Bruto** para este ano e unha forte subida do paro, ata situarse a taxa de desemprego no 20,8%. **Trátase do maior revés económico desde a Guerra Civil.**

O mesmo organismo prevé unha forte **recuperación en 2021**, cun crecemento do PIB do 4,3% e un descenso do paro de máis de tres puntos, para situarse nun 17,5%, situación que en todo caso será peor que a previa á aparición do COVID-19.

Pola súa parte, o **Foro Económico de Galicia** estima que as seis semanas de confinamento polo estado de alarma (do 15 de marzo ao 26 de abril) suporán unha **perda aproximada do 5,6% no PIB de Galicia en 2020**, que podería elevarse a un 7,4% se o confinamento se prolonga ata as 8 semanas. En valores absolutos, esta caída equivale a 3.500 e 4.600 millóns, respectivamente.

Escenarios posibles

Cinguindo a análise ao sector turístico nacional, a **Mesa del Turismo** plantexou nas últimas datas 3 posibles escenarios para un sector que aporta o 12,5% do PIB nacional e emprega a 2,7 millóns de persoas (o 13% do total):

- **1º escenario** (o máis optimista): a tempada comeza en xuño, salvando o verán, acumulando unhas perdas globais de **25.000 millóns** de euros.
- **2º escenario**: o inicio da tempada retrásase ata mediados de xullo, cunha caída de máis do 40% de visitantes estranxeiros e perdas de **45.000 millóns** de euros.
- **3º escenario** (o máis pesimista): contempla que os mercados tradicionais (Reino Unido, Alemaña, Francia e Italia) non poidan viaxar por razóns sanitarias ou económicas. O golpe ao sector nacional cifraríase na contorna dos **90.000 millóns** de euros.

Respecto a este último suposto, cabe resaltar a **menor dependencia** que ten Galicia dos mercados internacionais tradicionais respecto a outras comunidades autónomas.



Escenarios posibles


Pola súa banda, **Exceltur**, no seu último informe sobre o impacto do COVID-19 debuxaba o seguinte **escenario central**:

- 01 Catro meses de contención da epidemia, segundo datos do Ministerio de Sanidade, que apuntaban que o pico de infeccións e defuncións se acadaría o 20 de maio.
- 02 Restriccións á mobilidade e confinamento ata pasado ese momento.
- 03 Pasarán varias semanas (3-4) ata que comecen a recuperarse as decisións de viaxe, cunha volta á normalidade lenta e paulatina.
- 04 Recuperación a dúas velocidades:
 - 01 Máis rápida no caso das viaxes de proximidade e en vehículos particulares, basicamente de demanda nacional.
 - 02 Máis lenta nas viaxes que requiren desprazamento en transporte compartido (fundamentalmente, tren ou avión)

Impacto no PIB

Exceltur, no seu último informe sobre o impacto do COVID-19, de 31 de marzo de 2020, prevé unha caída do PIB turístico nacional dun 32,4% (54.733 millóns de euros) respecto ao escenario previsto para o 2020, que era dun crecemento dun 1,5%.

Este documento estima que, no caso de que en Galicia non se rexistre actividade turística entre abril e xuño, a **caída do PIB turístico autonómico será de 2.476 millóns de euros, o cal suporá un descenso do 33,2%** respecto ao escenario previsto antes da aparición do COVID-19. Esta evolución terá un **impacto negativo do 3,9% no cómputo total do PIB galego**, segundo as estimacións realizadas polo Clúster.



Impacto no emprego



O informe *Impacto de COVID-19 en hostelería en España*, elaborado por Bain & Company en colaboración coa firma EY, estima que o emprego no sector turístico podería verse reducido en ata un 25%.

Segundo este estudo, dependendo da duración do confinamento e do proceso de volta á normalidade, **a perda de empregos oscilaría entre o 22 e o 26%**, con picos superiores ao 40% durante o proceso de apertura parcial, limitada ao 50% do aforo e co 80% de establecementos abertos.

A Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia, no seu *Balance anual 2019*, cifrou o número de persoas ocupadas no sector turístico galego en 123.772, co que atendendo ao posible intervalo de caída de 22-26% anteriormente mencionado, o COVID-19 implicaría **a perda de entre 27.230 e 32.181 postos de traballo en Galicia**.

Impacto na facturación

O mesmo informe *Impacto de COVID-19 en hostelería en España*, sitúa na contorna do **40% a posible caída na facturación do sector no 2020**. Plantexa tres **escenarios** diferentes de descenso nos ingresos, segundo a data de remate do confinamento*:

- Fin do confinamento o 26 de abril: 32-34%
- Fin do confinamento o 11 de maio: 36-38%
- Fin do confinamento o 30 de maio: 40-42%

Por outra banda, desde a perspectiva do consumidor, e atendendo á distribución da renda dispoñible, durante a fase de illamento o **gasto en viaxes, aloxamento e restauración** reducirase na práctica totalidade. **O ano 2021 traerá unha recuperación**, aínda que a porcentaxe de gasto dedicado a estas partidas permanecerá **por debaixo dos niveis pre-crise: un 12% menos no caso de viaxes e hoteis e un 5% no caso da restauración**, segundo estimacións publicadas no informe *COVID-19: impacto y escenarios de recuperación en consumo y distribución*, publicado por Deloitte.


*Algúns estudos fan coincidir o fin do confinamento coa libre circulación de persoas



Impacto na facturación


Cinguíndonos ao **sector hoteleiro**, e atendendo aos datos publicados por Turismo de Galicia respecto á evolución dos ingresos totais nos últimos anos, na seguinte gráfica aplícase un 40% de caída na facturación de 2020 e unha recuperación en 2021 ata situarse en cifras un 12% inferiores ao escenario pre-crise.

Esta previsión é optimista se atendemos aos resultados da recente enquisa realizada pola Asociación Española de Directores de Hotel a **hoteleiros galegos**, da cal se desprende que máis da metade (56,7%) esperan **caídas superiores ao 50%**.



Impacto na demanda





A continuación preséntanse **catro escenarios** de evolución do número de turistas en establecementos regrados galegos, atendendo a factores como o final do confinamento, o levantamento das restriccións á mobilidade, o proceso de apertura parcial do sector, a posterior recuperación da demanda (en especial a galega e nacional) e a posibilidade da aparición de novos rebrotes.



Impacto na demanda

Cada escenario contempla o seguinte comportamento tomando como referencia o ano 2019 (as cifras reflicten a variación estimada* respecto ao mesmo mes de 2019).

Nota: datos reais ata febreiro de 2020. Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)




* Estimacións do Clúster de Turismo de Galicia

Impacto na demanda

Escenario 1:

Escenario 1

Levántase o confinamento a finais de abril / comezos de maio. Recuperación máis rápida da demanda nacional. Convergencia coas cifras pre-crise durante 2021, polo efecto do Xacobeo. **É o escenario máis optimista**




Impacto na demanda

Escenario 2:

Escenario 2

Aparición dun rebrote do COVID en outono que frea a recuperación, aínda que a reacción é máis rápida ao estar mellor preparados a nivel sanitario, económico e social. O efecto do Xacobeo permite salvar a segunda metade de 2021.




Impacto na demanda

Escenario 3:

Escenario 3

Levántase o confinamento a mediados de maio. Menor pendente da V de recuperación da demanda. Reacción máis lenta da demanda internacional




Impacto na demanda

Escenario 4:


Escenario 4

Aparición dun rebrote en outono. A pesar da mellor preparación de todos os estamentos, é complicado estimular á demanda. O efecto do Xacobeo empina a pendente de recuperación nacional na segunda metade de 2021. **É o escenario máis pesimista**



Impacto no Camiño

Nos últimos exercicios, o Camiño de Santiago bateu ano a ano os seus propios rexistros. A proximidade do Ano Santo presaxiaba cifras históricas para 2020 e 2021, tal e como se estimou no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021. En todo caso, xa nun **escenario post-COVID**, se aplicamos aos indicadores de peregrinos e peregrinas as mesmas porcentaxes de variación respecto a 2019 que se utilizaron no escenario 1 anteriormente explicado, teríamos a seguinte situación:



*Estimacións do Clúster de Turismo de Galicia

Resumo en cifras

- Descenso do 33,2% do **PIB turístico** galego
- Perda de entre un 22 e un 26% do **emprego** no sector (entre 27.230 e 32.181 postos de traballo)
- Baixada mínima do 40% na **facturación** (que poderá chegar a superar o 60% nos escenarios máis desfavorables)
- **Nº de viaxeiros** en establecementos regrados galegos en 2020, segundo escenario:
 - Escenario 1: 2.641.285 (-48,32% interanual)
 - Escenario 2: 2.380.340 (-53,42% interanual)
 - Escenario 3: 2.032.062 (-60,24% interanual)
 - Escenario 4: 1.798.199 (-64,81% interanual)
- Caída mínima dun 60% no número de **persoas que peregrinan** en 2020, principalmente debido á dependencia de peregrinación internacional.



Clúster Turismo de Galicia

A voz do turismo

www.clusterturismogalicia.com

Cadea de valor do Clúster

OFERTA PRINCIPAL: Aloxamento / Campings / Turismo rural / Restaurantes / Cafeterías / Discotecas, salas de festa e pubs / Axencias de viaxe / Comerciante por xunto / Outros comercializadores turísticos

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: Rutas turísticas / Alugueiro de vehículos / Alugueiro de embarcacións / Balnearios / Servizos de interpretación / Turismo "maríneiro" / Comercio e compras / Artesanía / Organización de congresos e convencións / Servizos turísticos complementarios

SERVIZOS: Espectáculos / Servizos de transporte / Formación e capacitación / Consultoría turística / Marketing e publicidade / Servizos lóxicos de congresos e convencións / Servizos náuticos / Servizos deportivos e de ocio / Contidos dixitais

EQUIPAMENTOS: Portos náuticos deportivos / Campos de golf / Infraestruturas de deporte e ocio / Recintos feirais / Auditorios e pazos de congresos / Museos / Outros equipamentos culturais / Aeroportos / Ferrocarril / Portos